



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

26 de xaneiro 2024

-Prácticas no Comité Económico e Social da Unión Europea - ata o 16 de marzo

Aberto o prazo para solicitar prácticas de cinco meses a partir de setembro na sede de Bruxelas do Comité Económico e Social da UE.

-Formación remunerada no Banco Central Europeo - varias datas

Abertas posicións relacionadas con protección de datos, Informática, análise de datos para recursos humanos, Economía ou Dereito, entre outros.

-Bolsas predoutorais do programa 'Salvador de Madariaga' no Instituto Universitario Europeo - ata o 31 de xaneiro

12 axudas para contratos predoutorais de catro anos en materias xurídicas, económico-empresariais, políticosociolóxicas ou de humanidades no Instituto Universitario Europeo de Florencia.

-Bolsas do programa de formación na UE para xornalistas mozos - ata o 16 de febreiro

RTVE Instituto e a Escola de Xornalismo da Axencia EFE, en colaboración coa Oficina do Parlamento Europeo en España, convocan este programa de formación sobre a UE e como comunícala entre o 5 e o 8 de marzo.

-Bolsas JAE Intro ICU de introdución á investigación - ata o 8 de febreiro

O Consello Superior de Investigacións Científicas abre o prazo para solicitar as súas 400 bolsas de introdución á investigación para alumnado universitario.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect

  Europe Direct A Coruña  @edcoruna  @europedirectcoruna  682677765

-Bolsas Fulbright para estudos de máster, doutorado e estancias de investigación en Estados Unidos - varias datas

Convocatoria de bolsas para realizar máster ou doutoramento e diferentes estancias de investigación en universidades dos Estados Unidos.

-Bolsas do Instituto Galego do Consumo e da Competencia - ata o 23 de febreiro

Convocadas oito prazas de formación práctica en materia de dereitos das persoas consumidoras e a seguridade do produto durante 10 meses nas oficinas do instituto.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas aquí

-Apoio educativo en Uganda - sen prazo

Actividades relacionadas coa educación nun centro de Infantil e Primaria en Kampala dende febreiro ata outubro.

-Voluntariado en un centro de artes en Irlanda - ata o 1 de abril

A persoa voluntaria estará de setembro a maio no centro de artes, asistindo ao profesorado e realizando cursos e proxectos.

E lembra!

-Prácticas no Servizo Europeo de Acción Exterior - varias datas

A rede de oficinas no exterior da UE ten postos de prácticas remuneradas en Emiratos Árabes Unidos, Malasia e Asia Central.

-Premio Carlomagno para a xuventude do Parlamento Europeo - ata o 12 de febreiro

O Parlamento Europeo convoca un ano máis o premio Carlomagno que recoñece proxectos levados a cabo pola mocidade.

-Convocatoria para participar no evento Level UP! do European Youth Forum - sen data

O European Youth Forum organiza un evento en Bruxelas o 12 e 13 de abril con mocidade activista de toda Europa e cos gastos pagados.





Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

